

16 de ABRIL: MANIFESTACIÓN EN MADRID

SINDICATO LABREGO GALEGO



De onde vén a crise do sector lácteo?

■ Decisión en Bruxelas do Consello Agrario (Ministras e Ministros de Agricultura) de liberalizar o sector lácteo.

■ A Comisaria propuxo a “ateraxe suave” que consiste en aumentar cada ano a cota nun 1%, ate o 2015, que desaparecería o control da produción.

■ En Xaneiro de 2008, houbo un seminario na Comisión Europea en Bruxelas e xa alí nos presentaron a proposta de ir aumentando as cotas e ir reducindo o prezo até situarse en 2015 ao mesmo nivel que en xaneiro do 2007. Neste seminario só nós nos opuxemos a esta proposta (SLG/Coordinadora Europea Vía Campesina).

■ Debido a esta decisión o mercado está saturando e inundado de leite. Os mercados do Estado están cheos de leite e lácteos que veñen de outros países da UE e de fóra. **Quen controla e como ás empresas multinacionais que case non recollen aquí e venden produtos transformados nos nosos mercados?**

A guerra non é de competencia entre produtores e produtoras. Somos vítimas das estratexias da grande distribución.

A situación de baixos prezos aos produtores e produtoras é xeneralizada en toda Europa, Pero, con todo, non hai prezos tan baixos como para meter aquí produtos elaborados a prezos marxinais (están entrando queixos a 2 euros o quilo) polo tanto o dumping existe,

Pero quen o practica non son os produtores e produtoras como nós de outras partes de Europa, senón que son as grandes empresas e a distribución.

As responsabilidades de cada quen

Cómpre dicir que Xóvenes posicionouse no seu día a favor da liberalización do sector lácteo e que Unións, a pesares de dicir aquí que non estaban de acordo, nas reunións do grupo leite do Comité Consultivo, o COPA (organización á que pertencen), estivo a favor. Un dos representantes que asiste a estas reunións en nome do COPA, alí nunca abriu a boca para posicionarse.

As empresas, tanto aquí como en Bruxelas, pedían tamén o aumento das cotas. En xullo do 2006, nunha reunión do Comité montaron un espectáculo tremendo dicindo que era o fin, que nos supermercados escaseaba o leite, que nas escolas non ía haber leite, e acto seguido pediron o aumento das cotas.

Os partidos políticos presentes nas institucións e os gobernos pedían tamén aumento de cotas (uns tal e como fixo a Comisión e outros propoñían que o aumento non fose lineal, pero ao final pedían tamén un aumento da cota europea)

Lidia Senra e Xosé Ramón Cendán acudiron a moitas destas reunións coa Comisión, en representación da Coordinadora Europea da que formamos parte, e sempre deixamos claro que estábamos en contra e que esta decisión ía arruinar a produtoras e produtores.

Mesmo na reunión de principios de decembro do 2008, solicitamos a revisión do “chequeo médico” que empezaran por anular o aumento do 1%, que se iniciara o debate para establecer prezo que cubriera os custes e o traballo para todas as produtoras e todos os produtores de Europa, e que o aumento para as explotacións que aínda precisan cota se fixera a través da redistribución do dereito a producir.

A distribución

A distribución está tendo un papel determinante en todo isto, moito máis que a industria.

Estamos asistindo a un auxe das marcas brancas (moi promocionadas en programas da Radio Galega nos tempos do bipartito como receita para facerlle fronte a crise) coas que a distribución está controlando totalmente o mercado e tamén a moitas empresas.

Nesta etapa moitas explotacións están ameazadas de desaparecer e, posibelmente, pequenas e medianas empresas transformadoras desaparezan axfisiadas polas grandes e pola distribución.

A OMC

Fai tempo que dende o Sindicato Labrego Galego vimos denunciando as políticas agrarias neoliberais que o pretenden é precisamente a liberalización e a des-regulación dos mercados, pois o que acontece no leite é xustamente iso.

Pero ademais a situación agrávase porque, ao aumento da cota europea e debido aos acordos da OMC de 1994, Europa está obrigada a importar de países terceiros un cinco por cento do consumo interno de produtos agrícolas.

Imaxinade, nestes momentos as empresas deixan de recoller a moitos deses produtores e produtoras, véndose na necesidade de levarlle o leite outras empresas a prezos de intervención, o que pode supoñer até a metade menos.

Esas explotacións son obrigadas a vender así ou a pechar. Quen fai entón o dumping?

Nestes momentos está habendo mobilizacións en moitas partes (Suiza, Praga,...)

Situación: Crise provocada por baixadas de prezo e abandono de recollidas.

Recollidas: Aínda non quedou leite no campo, pero están provocando a baixada dos prezos. Quen sofre esta ameaza, acaba entregando o leite sen prezo.

Reivindicacións para Madrid:

1.- Prezo

2.- Non ao dumping

3.- Garantía de recollida

Cómpre que nós deixemos claro que é imposible acadar estas reivindicacións se non hai unha volta atrás nos acordos sobre o leite aprobados no chequeo médico da PAC. Para isto nós reivindicamos: **A Ministra e o Goberno español teñen que esixir unha revisión do chequeo médico á luz da crise actual.**

Táboa reivindicativa do Sindicato Labrego Galego A nivel da Unión Europea:

- 1.- **Eliminar o aumento do 1%.**
- 2.- Manter o **control de produción** a nivel europeo e acometer unha redistribución do dereito a producir.
- 3.- **Reducir a produción europea** ao nivel do consumo interno.
- 4.- Abrir un **debate a nivel europeo de como aplicar esta redución**, partindo da base de que hai explotacións que precisan máis cota e que esas non poden reducir, pero que hai outras que o que precisan é cobrar o traballo que fan e no aumentalo.
- 5.- **Prezos** que remuneren o traballo e cubran os custes de produción.
- 6.- **Eliminar a obriga das importacións do cinco por cento de países terceiros.**
- 7.- Dereito a protexer as fronteiras fronte ás importacións. **Eliminar todas as formas de dumping**, xa sexa económico, social ou ecolóxico.

Posta en marcha dun PLANO URXENTE PARA O MANTEMENTO DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS:

- 1.- **Prezo xa e**, mentres tanto, establecer dende xa os **apoios económicos para evitar o peche de explotacións**. Pero que quede claro que **a solución é o prezo.**
- 2.- Recuperación dos nosos **mercados tradicionais**, cun apoio decidido para a colocación do leite e lácteos galegos nos mercados galegos e cun control férreo ás empresas para evitar que metan leite de fóra baixo as súas marcas.
- 3.- Apoio aos proxectos de **venda directa** e normativa hixiénica sanitaria adaptada ás explotacións.
- 4.- **Apoio ás iniciativas empresariais de transformación e comercialización** do noso leite e para os nosos **mercados locais e de proximidade.**
- 5.- Vixilancia exhaustiva para que se cumpra a lexislación de **protección das terras agrícolas**. Recuperación de terras xa forestadas para **reducir a dependencia dos concentrados e abaratando custes** e potenciando a produción a alimentación do gando dentro da propia explotación.